



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Química	Código	730G05004	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Química			
Coordinación	Gonzalez Soto, Elena	Correo electrónico	elena.gsoto@udc.es	
Profesorado	Gonzalez Soto, Elena	Correo electrónico	elena.gsoto@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia pretende formar ao alumno en conceptos químicos fundamentais que lle permitirán comprender e resolver problemas que se lle presentarán na súa vida profesional e é base doutras materias da carreira. Achega coñecementos para a comprensión de aplicacións tecnolóxicas.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título	
Capacidade para comprender e aplicar os principios de coñecementos básicos da química xeral, química orgánica e inorgánica e as súas aplicacións na enxeñaría.	A4	
Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo	B2	
Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitiren xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética	B3	
Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como leigo.	B4	
Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprenderen estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	B5	
Ser capaz de realizar unha análise crítica, avaliación e síntese de ideas novas e complexas.	B6	
Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita encontrarse a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo	B1	
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común		C2
Asumir como profesionais e cidadáns a importancia da aprendizaxe ao longo da vida		C5
Valorar a importancia da investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade		C6
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida		C1

Contidos	
Temas	Subtemas



<p>BLOQUE I. Estructura da materia.</p>	<p>Tema 1. Conceptos Químicos Fundamentais.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Estequiometría. Rendemento Reacción. Reactivo Limitante.</li><li>- Átomo. Modelo Mecanocuántico.</li><li>- Táboa Periódica e Propiedades Periódicas.</li><li>- Ligazón Química. Tipos de Ligazón: Iónica, Covalente, Metálica. Forzas Intermoleculares.</li></ul>
<p>BLOQUE II. Enerxía, Cinética e Equilibrio das Reaccións Químicas.</p>	<p>Tema 2. Termoquímica.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Cambios de Enerxía nas Reaccións Químicas.</li><li>- Entalpía.</li><li>- Calorimetría.</li><li>- Introducción á Termodinámica.</li></ul> <p>Tema 3. Cinética Química.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Velocidade de Reacción.</li><li>- Ecuación de Velocidade.</li><li>- Relación entre a Concentración de Reactivos e o Tempo.</li><li>- Enerxía de Activación.</li><li>- Catálisis.</li><li>- Mecanismos.</li></ul> <p>Tema 4. Equilibrio Químico.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Concepto de Equilibrio. Constante de Equilibrio.</li><li>- Equilibrio de Gases. Le Chatelier.</li><li>- Equilibrio Ácido-Base.</li></ul>
<p>BLOQUE III. Electroquímica.</p>	<p>Tema 5. Electroquímica I.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Reaccións Redox. Axustes.</li><li>- Potencial Estándar de Electrodo.</li><li>- Espontaneidade das Reaccións Redox.</li><li>- Ecuación de Nernst.</li></ul> <p>Tema 6. Electroquímica II.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Celas Voltaicas. Baterías.</li><li>- Electrolisis, Aspectos Cuantitativos da Electrolisis.</li></ul> <p>Tema 7. Corrosión.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Concepto.</li><li>- Procesos de Corrosión e Factores que Inflúen.</li><li>- Métodos de Protección fronte á Corrosión.</li><li>- Corrosión Atmosférica.</li><li>- Corrosión Mariña.</li></ul>



<p>BLOQUE IV. Química Orgánica e Inorgánica Aplicada á Enxeñaría.</p>	<p>Tema 8. Química Orgánica.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Introducción á Química Orgánica.</li> <li>- Grupos Funcionais.</li> <li>- Nomenclatura.</li> <li>- Isomería.</li> <li>- Tipos Xerais de Reaccións Orgánicas.</li> </ul> <p>Tema 9. Química Orgánica Aplicada á Enxeñaría.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- A Combustión: <ul style="list-style-type: none"> <li>Carbón</li> <li>Petróleo</li> <li>Gas Natural</li> <li>Biomasa</li> </ul> </li> <li>- Polímeros</li> </ul> <p>Tema 10. Química Inorgánica Aplicada á Enxeñaría.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Metalurxia.</li> <li>- Síntese Industrial de Compostos Inorgánicos.</li> <li>- Materiais Inorgánicos de Interese Tecnolóxico: Supercondutores, Semicondutores, Fibras Ópticas, Cerámicos.</li> </ul> <p>Tema 11. Caracterización de Produtos Químicos Perigosos</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Contaminantes Químicos no Medio Mariño.</li> <li>- Toxicidade dos Compostos Químicos.</li> </ul>
<p>BLOQUE V. Laboratorio.</p>	<p>Prácticas de Laboratorio:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Calor de Reacción.</li> <li>- Determinación do Contido de Cobre dunha Aliaxe.</li> <li>- Electrodeposición.</li> <li>- Reaccións Redox.</li> <li>- Cinética das Reaccións Químicas.</li> </ul>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba mixta	A4 B1 B2 B5 B6	5	5	10
Sesión maxistral	A4 B2 B5 B6 C5	27	27	54
Solución de problemas	A4 B1 B2 B3 B4 B5 B6	20	20	40
Traballos tutelados	A4 B1 B2 B3 B4 B5 B6 C1 C2 C6	3	18	21
Prácticas de laboratorio	A4 B1 B2 B3 B4 B5 B6 C6	10	10	20
Atención personalizada		5	0	5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba mixta	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe do alumno.
Sesión maxistral	O profesor expoñerá os contidos fundamentais de cada un dos temas. Para o seu mellor aproveitamento, os alumnos disporán con antelación ao desenvolvemento destas sesións dos materiais docentes axeitados para a súa preparación persoal. Todos os alumnos poderán consultar ao profesor calquer aspecto da materia no horario de tutorías establecido para tal efecto. Impartirase en grupo grande.
Solución de problemas	Sesións dedicadas á resolución de problemas e cuestións coa participación activa do alumnado. Impartirase en grupo mediano
Traballos tutelados	Realización de estudos dirixidos. Presentación e corrección. O alumno resolverá situacións problemáticas concretas, promovéndose a participación nas clases.
Prácticas de laboratorio	Lectura comprensiva da práctica. Leva a cabo o traballo experimental. Expón e resolve os cálculos numéricos asociados así como as cuestións que se lle expoñan. Examina e valora o resultado final. Impartirase en grupo mediano.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	Revisión do desenvolvemento das etapas intermedias e final do estudo dirixido.
Traballos tutelados	Resolución de cuestións puntuais que lle impiden ao alumno/a o seguimento xeral da materia.  As tutorías serán presenciais no horario establecido para as mesmas.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Prácticas de laboratorio	A4 B1 B2 B3 B4 B5 B6 C6	Valorarase a realización dos prelaboratorios, as capacidades e destrezas do alumnado na realización do traballo experimental, a súa capacidade para interpretar os resultados obtidos e a elaboración dos informes de laboratorio.	5
Proba mixta	A4 B1 B2 B5 B6	Aproximadamente na metade do cuadrimestre, realizarase un primeiro exame parcial (teoría e problemas) eliminatorio correspondente á materia impartida ata ese momento. Ao finalizar o cuadrimestre realizarase un segundo exame parcial (teoría e problemas) para o alumnado que superasen o primeiro parcial e un exame global da materia (teoría e problemas) para o alumnado que non se presentaron ou non aprobasen o primeiro exame parcial. Cada exame constará de dúas partes independentes, sendo necesario obter unha nota mínima en cada unha delas para compensalas: - teoría, puntuación máxima 4 puntos, puntuación mínima para compensar 1,5 puntos. - problemas, puntuación máxima 3 puntos, puntuación mínima para compensar 1 puntos.	70
Solución de problemas	A4 B1 B2 B3 B4 B5 B6	Realizaranse periódicamente probas curtas en grupo mediano para avaliar a evolución do alumnado. Ditas probas faranse sen previo aviso co obxectivo de que o alumnado leve a materia ao día.	15
Traballos tutelados	A4 B1 B2 B3 B4 B5 B6 C1 C2 C6	Realización de tres actividades dirixidas. Capacidade do alumnado para resolver situacións problemáticas concretas e participar nas clases. Interese e actitude do alumnado.	10

Observacións avaliación
-------------------------



- É imprescindible que os/as alumnos/as coñezan a formulación química inorgánica: nos exames non se correxirán os exercicios nos que a formulación sexa incorrecta.

- Para poder sumar os puntos das distintas actividades á nota do exame, haberá que alcanzar neste un mínimo de 3 puntos.

- Para poder ser avaliados, @s alumn@s han de ter feitas como mínimo o 75% das prácticas de laboratorio.- Aquel@s alumn@s que realizen e superasen as prácticas de laboratorio da materia en cursos anteriores, poderán decidir se as fan novamente ou non. En caso de non repetilas, deberán solicitar a convalidación das mesmas e manteráselles a cualificación obtida no seu momento.- A avaliación no exame de 2ª oportunidade (exame global da materia) realizarase seguindo os mesmos criterios empregados no exame de 1ª oportunidade.- A avaliación no exame da convocatoria adiantada realizarase seguindo os mesmos criterios empregados no exame de 1ª oportunidade.- A cualificación correspondente á realización de traballos tutelados non se mantén dun curso a outro.- No caso d@s alumn@s que soliciten matrícula a tempo parcial, han de saber que non se acepta dispensa nesta materia. - A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara á convocatoria extraordinaria.

## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Pérez Iglesias J. y Seco Lago H.M. (2006). Experimentos de Química: Aplicaciones a la Vida Cotidiana. Mc Graw-Hill Calamonte (Badajoz), Filarias</li><li>- Vinagre F. y Vázquez de Miguel L.M. (1996). Fundamentos y Problemas de Química, 2ª edición. Alianza</li><li>- <a href="http://eup.cdf.udc.es">http://eup.cdf.udc.es</a> ( ).</li><li>- Mc Murry, Fay (2009). Química General. Prentice Hall</li><li>- Chang R. (2010). Química, 10ª edición. Mc Graw-Hill</li><li>- Petrucci R.H. (2011). Química General: Principios y Aplicaciones Modernas. Prentice Hall</li></ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Peterson (1993). Formulación y Nomenclatura Química Inorgánica. EDUNSA</li><li>- Vale Parapar, Fernández Pereira y otros (2004). Problemas Resueltos de Química para Ingeniería. Thomson</li><li>- Paz M., Castro F. y Miró J. (1995). Química. UNED</li><li>- Kotz, Treichel, Harman (2003). Química y Reactividad Química, 5ª edición. Thomson</li><li>- Willis (1995). Resolución de Problemas de Química General. Reverté</li><li>- Rosenberg J., Epstein L. y Krieger P. (2014). Química Schaum. McGraw Hill</li></ul>

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

## Observacións

- É imprescindible que o alumnado coñezan a formulación química inorgánica: nos exames non se correxirán os exercicios nos que a formulación sexa incorrecta.- Para axudar a conseguir un entorno inmediato sostido e cumprir co obxectivo da acción 5: ?Docencia e investigación saludable e sustentable ambiental e social? do "Plan de Acción Green Campus Ferrol" na entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:

1. Non se empregarán plásticos
2. Realizaranse impresións a dobre cara
3. Empregarase papel reciclado
4. Evitarase a impresión de borradores.- Na execución das prácticas de laboratorio, debese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías